

PREMIOS

CARROZAS (Aprox. o 50% dos membros deberán ir enriba da carroza)

| | |
|---|-------|
| 1º Premio (doado por Espectáculos Pico) | 1100€ |
| 2º Premio | 600€ |
| 3º Premio | 450€ |

COMPARSAS (Con turutas)

| | |
|---|------|
| 1º Premio (doado pola Iluminacións Santiaguesa) | 700€ |
| 2º Premio (doado por IG 10 Activity Center) | 500€ |
| 3º Premio (doado por Restaurante Casa Damián) | 400€ |
| 4º Premio (doado por Centro comercial Han Yao) | 300€ |
| 5º Premio (doado por O Tangarte) | 200€ |

CHARANGAS (Polo menos o 50% dos membros deben ir con instrumentos reais)

| | |
|--------------------------|------|
| Premio á mellor charanga | 300€ |
|--------------------------|------|

GRUPOS ADULTOS CON ARTILUXIOS*

| | |
|---|------|
| 1º Premio (doado por Construcións Saa) | 600€ |
| 2º Premio | 400€ |
| 3º Premio (doado por Serv. Sociais San Roque) | 300€ |

GRUPOS ADULTOS SEN ARTILUXIOS*

| | |
|--|------|
| 1º Premio (doado por Limpezas Lema) | 400€ |
| 2º Premio (doado por Comfica) | 250€ |
| 3º Premio (doado por Pizzería A Xoiña) | 150€ |

PARELLAS ADULTOS

| | |
|---|------|
| 1º Premio (doado por Comfica) | 250€ |
| 2º Premio | 200€ |
| 3º Premio (doado por Pastelería Anduriña) | 150€ |

INDIVIDUAIS ADULTOS

| | |
|--|------|
| 1º Premio (doado por Os Molinos) | 200€ |
| 2º Premio (doado por O Muelle Bar) | 150€ |
| 3º Premio (doado por Centro de Dermoterapia) | 100€ |

GRUPOS INFANTIS

| | |
|-----------|------|
| 1º Premio | 150€ |
| 2º Premio | 90€ |
| 3º Premio | 50€ |

INFANTÍS PARELLAS

(Se un dos membros é maior de 16 anos deberán ir á categoría de adultos)

| | |
|-----------|------|
| 1º Premio | 100€ |
| 2º Premio | 80€ |
| 3º Premio | 50€ |

INFANTÍS INDIVIDUAIS (Menores de 16 anos)

| | |
|---------------------------------|-----|
| 1º Premio (Doado por Namarinos) | 60€ |
| 2º Premio (Doado por Namarinos) | 40€ |
| 3º Premio (Doado por Namarinos) | 30€ |

AO INXENIO

| | |
|----------------------|------|
| Grupos | 100€ |
| Individual / Parella | 30€ |

AO MÁIS VELLO/A

30€

AO MÁIS XOVE

Un agasallo

*GRUPOS ADULTOS CON ARTILUXIOS: Estes grupos levarán ou ben artiluxios de mínimo 4x1 ou ben vehículos como carroza. Entenderase por artiluxio calquera mecanismo, artefacto, sobre todo se é de certa complicación. O artiluxio debe ter rodas ou motor e ser enxeñoso. Non se considerarán artiluxios aqueles que vaian pegados ao corpo ou incorporados ao propio disfraz. Tampouco se considerarán artiluxios os elementos de pequeno tamaño que se poidan considerar accesorios ao disfraz.

ORGANIZA



Concello de Foz

COLABORAN



Espectáculos Pico s.l.



DEPUTACIÓN DE LUGO



XUNTA DE GALICIA

//ABANCA



FOZ

XLII ENTROIDO

2024

FESTA DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA

Do 8 ao 23 de febreiro na sala de exposicións do CENIMA, **EXPOSICIÓN DE ENTROIDO** este ano adicada á **PEÑA ÑASSS**.

SÁBADO 27 DE XANEIRO

12:00 h Actuación das comparsas

SIN XEITO FARANGULLAS MALOSERÁ RUXE RUXE
polas rúas da vila.

21:00 h **Apertura de portas para a Cea de Coroación da Raíña do Entroido.**

22:00 h **Cea de Coroación da Raíña do Entroido.**
Na Rúa Atalaia.

DJ ALEJANDRO MARTÍNEZ E DJ PEDRO BERMÚDEZ

XOVES 8 DE FEBREIRO. XOVES DE COMADRES

20:00 h Inauguración da exposición do Entroido de Foz adicada á **PEÑA ÑASSS**.

21:30 h **Cea-baile de Comadres na Sala Bahía de Foz.**
ORGANIZA AFFAMER e ASOCIACIÓN DE AMAS DE CASA DE FOZ.

VENRES 9 DE FEBREIRO

20:00 h **PREGÓN DO ENTROIDO 2024**, na carpa situada na Rúa Atalaia a cargo de **PEÑA ÑASSS**.

20:30 h **CONCURSO DE COPLAS** na carpa situada na Rúa Atalaia.

As persoas interesadas en participar deberán anotarse na Delegación de Cultura no Concello de Foz (Tfno: 982 140 027 / 698 133 510) antes do mércores 31 de xaneiro.

As categorías de participación serán as seguintes:

- **Individual ou Parellas:** 3 Premios de 30 €.
- **Grupos:** 50 €.

Para máis información consultar bases na Delegación de Cultura do Concello de Foz.

SÁBADO 10 DE FEBREIRO

10:00 h **CHUPINAZO.**

12:00 h. Actuación da charanga **SANTA COMPAÑA**
e da **BATERÍA DO CARIÑO** polas rúas da vila.

15:30 h **Apertura do graderío** (as entradas estarán a venda desde o luns 29 de xaneiro na oficina de turismo. Prezo do asento 3€ - nen@s gratis.)

17:00 h **XLII DESFILE DO ENTROIDO.** Máis de 8000€ en premios (ver bases). Saída desde a zona portuaria e remate no Campo da Cabana.

GRAN BAILE na carpa situada na Rúa Atalaia con

22:00 h **Apertura de taquilla.**

23:00 h **Apertura de portas.**

23:45 h **Actuación de**

ORQUESTA SAUDADE e ORQUESTA WAYKAS

Entrada: 6 € (taquilla aberta desde as 23:00 h.)

- Paquete de entradas. Aquelas comparsas ou grupos que participen no desfile poderán adquirir paquetes de entradas, atendendo ao número de participantes maiores de 14 anos. (Por cada 3 entradas, unha de agasallo. Pagan 3 e levan 4. Reserva de entradas no correo electrónico a onosofoz@gmail.com).

1:30 h **ENTREGA DE PREMIOS DO DESFILE.** (Ver modalidade de premios a continuación).

DOMINGO 11 DE FEBREIRO. DÍA INFANTIL

17:00 h **BAILE INFANTIL** na carpa situada na Rúa Atalaia coa actuación musical infantil de **MARIO VARELA**, inchables, talleres e obradoiros infantís. Entrada 4€.

- Paquete de entradas. Aquelas comparsas ou grupos que participen no desfile poderán adquirir paquetes de entradas para os/as nenos/as. (Por cada 3 entradas, unha de agasallo. Pagan 3 e levan 4. Reserva de entradas no correo electrónico a onosofoz@gmail.com).

19:30 h **Entrega dos premios infantís.**

20:30 h **TOUPORROUTOU no Salón de Actos do Colexio Martínez Otero.** ORGANIZA A ASOCIACIÓN POMBA DO ARCO.

LUNS 12 DE FEBREIRO. DÍA DO FAROLILLO

17:30 h **BAILE DO FAROLILLO INFANTIL** na Sala Bahía. Entrada infantil 3€ con farolillo incluído. Adultos gratis. ORGANIZA ASOCIACIÓN CULTURAL O FEITIZO.

23:00 h **TRADICIONAL BAILE DO FAROLILLO** na carpa da Rúa Atalaia coa actuación da

ORQUESTA GRAN PARADA e DJ MARCOS PEÓN

Entrada 4€.

MARTES 13 DE FEBREIRO

17:00 h **GRAN BAILE INFANTIL** na Rúa Atalaia amenizado por unha **DISCO MÓBIL INFANTIL**, con inchables.

ORGANIZA ASOCIACIÓN DE AMAS DE CASA VIRXE DO CARMÉ

VENRES 16 DE FEBREIRO. QUEIMA DO ENTROIDO

22:00 h Saída da Comitiva Fúnebre desde o Campo da Cabana ata a Rúa Atalaia e **QUEIMA DO ENTROIDO.** Agape para os asistentes. (Pregamos acudan de loito rigoroso).

BASES

1. Inscripcións:

Os/as participantes poderanse inscribir e recoller o dorsal da seguinte maneira:

SORTEO DE POSTOS NO DESFILE

• Os/as participantes no desfile en categoría de grupos/charangas / comparsas /carrozas, deberán anotarse na Delegación de Cultura do Concello de Foz (982140027) ata o venres 2 de febreiro para poder participar no sorteo de orde de saída do desfile. Este sorteo terá lugar o luns 5 de febreiro. Todos/as aqueles participantes que non se anoten nese prazo poderán anotarse ata as 14:00 h do día 9 de febreiro. Terán preferencia na orde de saída os grupos que participen no sorteo podendo quedar o resto para desfilar ao final. Reservándose sempre a organización, segundo o seu criterio, a posición definitiva dos grupos (carrozas, grupos, comparsas.... participantes).

• Agradécese a todos os/as participantes que pasen pola mesa de inscrición con puntualidade para evitar aglomeracións, ou ben, que faigan antes a súa inscrición chamando ao 982140027 na Delegación de Cultura sita no Concello de Foz os días anteriores.

2. O desfile sairá do peirao da vila e rematará na Pista do Campo da Cabana, debendo os/as inscritos/as realizar todo o percorrido.

3. Todo/a participante que non leve número de dorsal non poderá entrar en concurso.

4. Cada participante que se inscriba fóra da súa categoría será eliminado pola organización.

5. Cada participante será responsable dos danos que puidera ocasionar a terceiras persoas.

6. Serán descalificados/as ou expulsados/as do desfile aqueles/as participantes que levando animais procedan con eles/elas con violencia ou calquer outro tipo de maltrato físico ou os ridiculicen.

7. Prégase aos participantes que sigan as instrucións dos/das responsables da organización para poder facer o desfile coa máxima orde posible.

• Quedarán descalificados e expulsados do desfile aqueles/as participantes que non atendan as ordes de protección civil, organización do desfile, policía municipal, etc.

8. Representacións. Por ser un acto para todos os públicos non se permitirán representacións obscenas, que poidan ferir a sensibilidade dos/as espectadores/as.

9. O xurado estará formado polas persoas que a organización designe de Foz ou de outros concellos e realizará a súa puntuación ao longo de todo o percorrido.

• A deliberación do xurado será ao remate do desfile e estará facultado para deixar premios desertos ou descalificar se algún/algunha compoñente do desfile incumpriu as bases.

10. Os premios serán recollidos obrigatoriamente no baile o día 10 de febreiro para os adultos e no baile do 11 de febreiro para as categorías infantís.

11. A organización resérvase o dereito de cambiar o horario ou de suspender o desfile por causas de forza maior ou en caso sumamente necesario.

12. A organización resérvase o dereito de deixar premios desertos se o xurado así o considera porque os participantes non presenten uns mínimos esixibles.

13. Quedarán descalificados/as ou expulsados do desfile todos/as aqueles/as concursantes que non cumpran as bases.